

# EMPRESARIOS

## DE GALICIA



**RICARDO BESCANSÀ MARTÍNEZ**

**1912-1986**

## O ENGADO DA INNOVACIÓN

### **Manuel Jaime Barreiro Gil<sup>1</sup>**

Profesor titular da Universidade de Santiago  
Decano da Facultade de Economía e Empresa



A Ricardo Bescansa Martínez<sup>2</sup> gustaríalle ser enxeñeiro aeronáutico, para vincular formación e paixón. Pero licenciouse en Farmacia. E non sería esa a única vez na súa vida na que rematase nun punto de destino distinto do esperado. Porque aínda que, empurrado pola tradición familiar, tivera que estudar farmacia no canto de enxeñaría<sup>3</sup> e que as súas primeiras andainas profesionais foran tamén naquel quefacer farmacéutico, o devalar da vida e as súas persistentes inquedanzas científicas, tecnolóxicas e empresariais, acabarían por colocalo no desempeño de labores máis propios dun experto en electrónica e telecomunicación.

Pero non abonda co dito, porque Ricardo Bescansa resultou ser aínda moito máis ca todo iso. En realidade, malia que cunha linguaxe algo posterior ao seu tempo pero clarificadora para nós, debería ser caracterizado máis ben como un prototipo de empresario emprendedor. As súas inicia-

---

<sup>1</sup> Profesor de Historia e Institucións Económicas na Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente tamén é decano da súa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

<sup>2</sup> Primoxénito de Ricardo Bescansa Castilla e Felisa Martínez Sampelayo, nacido en Santiago de Compostela o día doce de marzo de 1912.

<sup>3</sup> Chegou a declarar (*Mercado*, 11.07.1986) que cambiaría moi gustoso unha carreira pola outra.

tivas e desenvolvementos, dos cales nos quedan non só abundantes pegadas senón tamén realidades industriais puxantes, foron suficientemente numerosas e xa digo tamén que transcendentales como para que sexa ese, o de emprendedor, o verdadeiro sinal de identidade do personaxe.<sup>4</sup>

Tivo unha visión eminentemente práctica da vida, o que o obrigaba a levar ata as últimas consecuencias utilitarias a potencialidade das ideas. Por iso desenvolveu todas as súas iniciativas desde a fase primixenia da formalización científica ata o seu desenvolvemento tecnolóxico e, por fin, como colofón avaliador, á promoción dunha estrutura produtiva, empresarial, para lle dar canle económica aos resultados. Desde a teoría á práctica. Esa é, precisamente, a característica principal dun emprendedor.

### As iniciativas farmacéuticas

Aínda antes de rematar os seus estudos de Farmacia, en 1933, comparte co seu pai<sup>5</sup> a xestión técnica do Laboratorio de Especialidades Farmacéuticas R. Bescansa, que o seu proxenitor fundara en 1912, como soporte, complemento ou extensión da afamada oficina de farmacia, fundada por Antonio Jacobo Casares Rodríguez<sup>6</sup> en 1843, que a familia Bescansa segue rexentando hoxe, na praza do Toural de Santiago de Compostela.


---

<sup>4</sup> Tamén amosou sobradamente o seu carácter inqueda como directivo da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, a cuxa directiva pertenceu durante máis de vinte anos, e como presidente desde 1982 a 1986. Foi, así mesmo, promotor da aviación deportiva, desde o patrocinio do Aero Club de Santiago de Compostela. Formou parte da primeira promoción de pilotos privados de Galicia.

<sup>5</sup> Ricardo Bescansa Castilla, do que o seu fillo Ricardo pode que herdase parte do seu espírito emprendedor, foi pioneiro en actividades hoxe moi difundidas pero daquela menos, como a publicidade comercial, e foi mecenas de diversas institucións sociais, culturais e deportivas de Compostela, ademais de renovar a Farmacia Bescansa e fundar o Laboratorio de Especialidades Farmacéuticas R. Bescansa. *El Correo Gallego* publicou (o 19 de xullo de 2005), unha «saga familiar» dos Bescansa, arrincando desta figura patrucia.

<sup>6</sup> Nacido en Monforte de Lemos, en 1812, foi bacharel en Filosofía pola Universidade de Valladolid (1827), licenciado en Farmacia polo Colexio San Fernando de Madrid (1836) e catedrático de Química da Sociedade Económica de Amigos do País (1836-1840) e da Universidade de Santiago de Compostela (desde 1840). Instalouse como farmacéutico na praza do Toural de Compostela en 1843. Foi un dos pioneiros españois en análise química e pai da espectroscopia.

Ano 1927. Ricardo Bescansa intenta remontar o vo nun planeador tipo Liliental, construído por el mesmo



O Laboratorio R. Bescansa foi pioneiro na introdución de novas técnicas de investigación, preparado e fabricación de produtos e aplicacións, que Ricardo Bescansa lograra coñecer nas súas estadias no estranxeiro e na frutífera colaboración coa firma alemá Schering e coa americana Parke Davis, esta última líder mundial entón na produción de sulfamidas, que o propio Ricardo Bescansa poderá fabricar en España. Algo máis tarde, tamén establecerá relacións igualmente frutíferas coas firmas lusas Laboratorios Azevedo e Industria Farmacéutica Portuguesa, para acordar con esta última a fabricación tamén aquí, en España, das primeiras asociacións da penicilina.

No Laboratorio R. Bescansa, en 1930, con só dezoito anos, prepara e rexistra dúas novas especialidades: Acnosán e Laxante Aloico, que aínda se seguen fabricando na actualidade. E con aquela mesma base tecnolóxica, realiza preparados substitutivos de importacións para o sector da conserva de peixe, de tanta relevancia industrial e alimentaria en Galicia. Trátase dun ortocoloide, que facilita a soldadura das latas, e de limpadores de instalacións e ferramentas para a manipulación do peixe, que prepara a demanda da Unión de Fabricantes Conserveros Gallegos, a que responde por amizade e relación familiar, pois non pediu nin prezo nin remuneración ningunha por facelo.

Fotografía da páx. seguinte: Ricardo Bescansa planeou crear un centro de produción de programas de televisión en Santiago de Compostela





O Laboratorio R. Bescansa resultou ser, por iso, moito máis ca unha simple expansión ou ca un simple complemento das actividades da oficina de farmacia. A comezos da década dos corenta a súa dinámica produtiva e innovadora, debida en gran parte —se non en exclusiva— ao labor de Ricardo Bescansa, converteuno nun referente farmacolóxico e analítico que prestaba servizos o remexía produtos máis alá dos lindes da comarca compostelá e mesmo de Galicia.

### O innovador atractivo da televisión

Pero as actividades de Ricardo Bescansa non se circunscriben á farmacoloxía. As telecomunicacións chamaron poderosamente a súa atención.<sup>7</sup> Xa en 1955, cando irrompía a televisión en España, comezou a experimentación con antenas receptoras. As primeiras fabricounas coa axuda dos irmáns e amigos seus Xesús e Xosé Antón Ponte, nas instalacións da Escola Compostelá de Aeromodelismo. Colocáronas nas terrazas do Hotel Compostela, no que o pai de Ricardo investira algún capital, e que estaba instalado nun edificio que superaba a altura media dos seus circundantes. Intentaba captar as emisións procedentes de Portugal, Alemaña, Italia e logo tamén as da España televisiva que acababa de chegar.

Realizadas con certo éxito aquelas probas, Ricardo Bescansa maxina a posibilidade de iniciar con máis decisión o negocio da comercialización de antenas. Convence o seu amigo e compañeiro Amador Beiras, axente comercial, de que se faga cargo da iniciativa: poñer no mercado unhas antenas que, con instrucións e útiles preparados polo propio Ricardo, encargan producir a un fabricante de aparellos ortopédicos asentado en Zaragoza. Corre o ano 1956. O proveedor comeza a encarga e atende os primeiros pedidos, no entanto, falto de equipo e dimensión suficientes, non puido seguir a facelo con apresuramento nin na cantidade crecente coa que se lle demandaba o produto. Pero Bescansa e Beiras non se desmoralizan: en 1958, comezan a colocar no mercado modelos de fabrica-

<sup>7</sup> Tamén a radio, a fotografía e os sistemas de son, para os que maxinou e desenvolveu algunhas innovacións técnicas, como a mellora dos magnetófonos de gravación sobre fío de aceiro (Museo Televés).



ción propia. Nacía a marca TELEVÉS,<sup>8</sup> asentada nun pequeno garaxe da rúa compostelá de Montero Ríos, que facía as veces de garda autos, taller para afeccionados ao aeromodelismo, almacén de coloniais, oficina de representación comercial e agora tamén fábrica de antenas de televisión.

Nese mesmo 1958 incorpórase ao Concello de Santiago de Compostela como concelleiro e primeiro tenente de alcalde. E desde esa representación institucional, promoverá a creación dunha Comisión Xestora pro Televisión en Galicia, que xestionará, como presidente, na compañía do seu amigo e socio inseparábel, Amador Beiras García. Esa comisión presentaralles ás autoridades gobernamentais un proxecto para a instalación dunha rede de radio-enlaces, coa base técnica de Telefunken, que debería pivotar sobre un centro emisor instalado no monte Pedroso, na periferia compostelá. Aspiraban a ofrecer desde alí sinais de televisión para toda Galicia.<sup>9</sup>

No ano 1961 inaugurouse a emisora do monte Pedroso (Santiago de Compostela)

<sup>8</sup> En realidade comezou sendo TELEVÉS, e recollía no anagrama a referencia as bes dos apelidos dos tres promotores asociados inicialmente: Bescansa, Bermejo e Beiras; pero a renuncia de Bermejo e como lle cadraba mellor o uve de televisión levou a un inmediato cambio de denominación.

<sup>9</sup> O proxecto de Ricardo Bescansa tamén incluía a instalación no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela dun centro produtor de programas para televisión. Esta parte da súa arela, no entanto, non recibiu os necesarios apoios gobernamentais para frutificar.



Despois de varios atrasos administrativos para lograr as correspondentes licenzas e autorizacións, que Ricardo Bescansa achacaba á priorización política que o goberno lle concedía daquela a Barcelona sobre Compostela para situar o segundo centro emisor de España, despois do de Madrid, o centro repetidor do Pedroso comezará a operar en 1961, só cinco anos despois de que se iluminasen as pantallas televisivas españolas.

Aínda faltaba moito por facer para que a televisión estivese acesa nos fogares galegos. Pero pasado o tempo resulta innecesario subliñar a transcendencia non só tecnolóxica, senón tamén económica e cultural, que tería esta iniciativa, dado o lugar que ocupa a televisión nas sociedades actuais. E sobre os labores pendentes para a súa difusión, como se verá, xa tiña plans Ricardo Bescansa.

### **TELEVÉS S.L.**

Abertas, por fin, as portas para a emisión de televisión, á «fábrica» de antenas receptoras promovida por Ricardo Bescansa e Amador Beiras tamén se lle abría un interesante mercado potencial, e non só en Galicia senón tamén en toda España. Eles aspiran a conseguir un lugar no mercado español de antenas televisivas, atendido ata entón de maneira case que absoluta con produtos importados e gravados con elevadísimos aranceis. Para iso fundan TELEVÉS S.L., en 1961, cun capital inicial de 400.000 pesetas, subministrado a metades iguais polos dous, aínda que moi pronto ampliado a 600.000, coa contribución doutro tanto como cada un deles por parte de Domingo Carrascal Queimadelos, novo membro da sociedade e que segue sendo hoxe en día presidente do Grupo TELEVÉS.

A empresa terá un éxito notábel xa desde os seus primeiros pasos; axiña vese obrigada a dotarse de instalacións industriais máis axeitadas ca aquel pequeno garaxe. Os seus promotores adquirirán para iso terreos no barrio compostelán de Conxo,<sup>10</sup> onde aínda se sitúa a planta matriz da

---

<sup>10</sup> Que reunían unha condición, logo da dimensión, que resultaba crucial para a empresa: ao seu carón estaba instalado un transformador de FENOSA. Era a garantía de subministración estábel de enerxía eléctrica de alta tensión.

empresa, desde 1962, sobre unha parcela de 40.000 metros cadrados e cunha superficie cuberta de 25.000. Alí iniciábase simultaneamente coa reinstalación dos procesos produtivos xa en marcha, a introdución das novas tecnoloxías que permitirán transformar, a partir de 1966, aquel orixinario taller de transformación mecánica nunha verdadeira industria electrónica capaz de atender a importantísima dinámica do mercado nacional televisivo. Ata situarse hoxe en día na posición de liderado do sector en España, e entre as primeiras empresas deste en Europa, con presenza relevante en mercados dos cinco continentes.


No pequeno garaxe traballaban cinco empregados; na planta actual están ocupadas máis de cincocentas persoas. E dunha cifra de negocios anual de menos de 400.000 pesetas en 1965, chegaríase a unha previsión de máis de 15.583 millóns de pesetas para 2005 (uns 93 millóns de euros). Pasaron corenta anos e a cifra inicial multiplicouse varias veces por si mesma.

Sobordado xa o mercado de antenas, a empresa ofrece hoxe produtos que serven de base a desenvolvementos tecnolóxicos e servizos de telecomunicación para múltiples e diversas instalacións científicas, industriais, administrativas, comerciais, militares e residenciais de distintas dimensións, tanto en Galicia coma no resto de España e do mundo.

### De illa industrial a parque tecnolóxico

TELEVES topou cedo coas limitacións estruturais do país no que nacía. A pouco que avanzaba no seu proceso industrial, houbo de lles facer fronte ás eivas derivadas da absoluta carencia de tecido industrial na comarca de Compostela. Fíxoo asumindo directamente todas as actividades vinculadas ao seu obxecto final (deseño, desenvolvemento, produción, distribución, comercialización e formación de cadros técnicos), con

Vendas do Grupo TELEVES, 1970-2005  
(Miles de pesetas constantes 1970)




Fonte: TELEVES SA

esquemas empresariais que resultaban daquela heterodoxos fronte aos criterios dominantes de produtividade.

Dese xeito, TELEVÉS, inicialmente illada nun contexto aparentemente pouco favorábel, por mor desa carencia de tecido industrial no seu arredor próximo, pasou a converterse ela mesma nun parque tecnolóxico, e xerou o seu propio tecido, capaz de irradiar emprego, tecnoloxía, servizo comercial e, sobre todo, unha cultura empresarial específica. A empresa xeraba por si mesma os produtos e os procesos tecnolóxicos que a súa produción requiría. Desenvolvía o seu propio I+D.<sup>11</sup>

### O Grupo TELEVÉS

O funcionamento da empresa realízase sobre unha rede de divisións que, con notábel celeridade, foron adquirindo tamaño e complexidade empresarial propia, del tal xeito que mediada a década dos oitenta resultará ineludíbel a creación dunha corporación ou hólding, capaz de ofrecer unha estrutura integrada en grupo, constituído pola empresa matriz e polas súas divisións máis maduras. Esa agrupación engádelle hoxe á primeira empresa outras doce no sector das telecomunicacións, entre as que sobresaen Gallega de Circuitos Eléctricos (GCE), Gallega de Sistemas de Telecomunicación (GSERTEL), Gallega de Informática (GAINSA) e Ingeniería de Sistemas de Fabricación (ISF).



<sup>11</sup> LÓPEZ PASTOR, G. (2005): «Televes: una teleco gallega con I+D propio», en *Cinco Días* (17.08.2005).

Non hai ningún segmento da tecnoloxía televisiva no que non estea presente TELEVÉS, nin mercado significativo no mundo onde non se dean a coñecer os seus produtos. Exporta a oitenta países nos cinco continentes. E é o principal provedor de equipamento de importantes operadoras de televisión, firmas do sector da construción, fabricantes de electrodomésticos, almacéns e instaladores de telecomunicación, grandes superficies comerciais e centros de investigación, conformando unha carteira global de máis de 2000 clientes.

O Grupo, cos seus principais centros de produción situados en Santiago de Compostela (dous) e Maía, Oporto, opera, tamén desde centros loxísticos instalados en Portugal, no Reino Unido, en Francia, nos Emiratos Árabes, en Italia e, finalmente, nos Estados Unidos. Ademais, conta cunha rede de máis de cen distribuidores autorizados espallados por todo o mundo, aos que mantén integrados en programas de formación propios. O conxunto é coordinado desde TELEVÉS INTERNACIONAL S.A.

### **A forma motriz: innovación e independencia tecnolóxica**

A capacidade competitiva de TELEVÉS pode ficar manifesta nun feito ben rechamante: no seu centro de produción chegaron a desenvolverse cen procesos de fabricación diferentes para máis de 5000 referencias. En 1992 sacou ao mercado cen produtos novos con incorporacións tecnolóxicas específicas. Era o froito culminante dun plan de renovación e innovación tecnolóxica iniciado na década dos setenta, que chegará ata a fabricación de circuitos impresos, ou sistemas de xestión de edificios intelixentes. Desde entón, xa máis dunha década, a empresa non deixou de aumentar os seus investimentos anuais en innovación e desenvolvemento tecnolóxico que en 2003 ascenderon a nove millóns de euros, nunha dinámica investidora ininterrompida e crecente.

Consecuencia de tan decidida política de I+D é a súa titularidade de 53 patentes e o feito de que preto do oitenta por cento dos 1500 produtos que inclúe no seu catálogo foron desenvolvidos integramente pola compañía. Neste eido, a empresa participa en proxectos de investigación con diversas universidades (entre elas as tres galegas, claro está) e outros centros científicos e empresariais europeos.

## TELEVESINTEGRA

A última iniciativa de TELEVÉS é TELEVESINTEGRA, presentada ao público en 2003, como unha plataforma de servizos domóticos. Desde ela, promóvese un desenvolvemento superior das tecnoloxías televisivas desenvolvidas polo propio grupo a través da súa integración operativa coas novas disponibilidades da informática. A nova oferta consiste en utilizar o cable coaxial (o cable habitual das antenas de televisión e sobre o que o grupo baseou boa parte dos seus desenvolvementos tecnolóxicos, xa instalado se non en todos si nunha inmensa maioría dos fogares españois) integrado en sistemas informáticos, como único soporte para os novos servizos de videoportaría, acceso a distancia ao manexo de electrodomésticos ou aparatos eléctricos e electrónicos de calquera clase, control do fogar, de televisión, rega, aire acondicionado, telefonía interna e acceso compartido a Internet. É dicir: un equipamento integral de comunicación doméstica, ao que é posíbel incorporar calquera tipo de servizo que se poida imaxinar prestado con soportes eléctricos, electrónicos, televisivos ou informáticos.

Despois de cincuenta anos de esforzo ininterrompido, Ricardo Bescansa deixou unha obra empresarial que é mostra de perspicacia, pericia e vontade. Finou o día tres de novembro do ano 1986.

## Bibliografía

- GONZÁLEZ, B. (1986): «Los Iacocca españoles. Un televidente de la tecnología. Antenas parabólicas y microchips apuntan a los satélites. Ricardo Bescansa ha hecho el milagro gallego de Televés», en *Mercedo*, 11 de xullo.
- QUMATA, R. (1997): «Televés: orgullo y pasión», en *El Correo Gallego*, 5 e 6 de xuño.
- AGUIRRE, L. (1995): «Historia de éxito. La buena onda de un farmacéutico gallego», en *Cinco Días*, 6 de setembro.
- Fundación «Foro de Marcas Renombradas Españolas» (2003): *Grandes marcas de España*, Madrid.
- LÓPEZ PASTOR, G. (2005): «Televés: una teleco gallega con I+D propio», en *Cinco Días* (17.08.2005).
- <http://www.televes.com>
- O autor tamén se valeu de entrevistas persoais con Ricardo Bescansa de la Gándara e José Gabriel Barreiro Pérez, vicepresidente e conselleiro delegado de TELEVÉS respectivamente.